



O DEFENSOR DO PROFESOR ATENDEU EN GALICIA A 83 DOCENTES DURANTE O CURSO 2019-2020

O Defensor do Profesor é un servizo de atención inmediata e gratuíta para docentes vítimas de situación de conflictividade e violencia nas aulas, posto en marcha por ANPE en Galicia o 24 de abril de 2006, como primeira medida de apoio ante a indefensión do profesorado e como chamada de atención sobre o problema da violencia escolar. É un servizo aberto a todo o profesorado sen distincións e operativo en todas as comunidades autónomas, para favorecer a atención personalizada a todos os docentes e que xa leva atendido, desde a posta en marcha do servizo a máis de 2.100 docentes na nosa Comunidade.

Nos datos que presentamos para Galicia, clasificamos as chamadas por sexo, por corpo e por tipoloxía, tentando neste último período de estudo axustar a súa definición algo mellor ao tipo de intervención que requiriu cada unha delas; polo que presentamos a incidencia de chamadas divididas en:

- Administrativas: aquelas que se poden solucionar a través da intervención directa do profesorado afectado ou ben a través da propia organización sindical que se encarga de facilitarlle os trámites pertinentes.
- Psicolóxicas: aquelas nas que se necesita asesoramento psicolóxico por parte dun profesional.
- Xurídicas: aquelas que requiren a participación do asesor xurídico para a súa solución ou ben a realización de algún trámite de tipo xurídico.

Debemos indicar que nestes datos se recollen os correspondentes ás chamadas recibidas polo servizo autonómico do Defensor do Profesor e, polo tanto, non recollen as recibidas polo servizo provincial de ANPE Ourense nin as recibidas no servizo a nivel nacional pero correspondentes a docentes galegos.

Este curso pasado constatamos unha importante diminución do número de chamadas que, desde o servizo do Defensor do Profesor, achacamos ao peche das actividades lectivas presenciais o pasado mes de marzo de 2020 pola situación derivada da COVID-19. O feito de que, a partires do 14 de marzo, os e as docentes tivesen que desenvolver as súas tarefas docentes de xeito telemático desde os seus propios domicilios provocou a diminución do número de chamadas con carácter xeral e máis aínda das chamadas relativas a certas situacións conflictivas particulares como poden ser os conflitos entre alumnado ou os problemas cos compañeiros docentes o con equipos directivos. Sen embargo, e pese a esa redución substancial do número de chamadas en comparación con outros cursos “normais” continuaron a producirse chamadas ao servizo do Defensor do Profesor centradas, case exclusivamente, en problemas relacionados coas novas tecnoloxías e, sobre todo, coas presións realizadas por pais e nais en relación á “nova normalidade” do ensino telemático obrigado polas circunstancias. Este mantemento de chamadas relacionadas con problemáticas relacionadas con pais e nais non fai máis que constatar a tendencia que xa viñamos observando nos últimos anos e debería ser, desde o noso punto de vista, un punto de inflexión e de reflexión para as Administracións Educativas que, en moitas ocasións, lonxe de solucionar os conflitos os manteñen ou mesmo os alimentan.

Asistimos con estupefacción en máis dun caso ao feito de que as presións exercidas polos pais e nais cara ao profesorado teñen unha correa de transmisión perfecta na propia Administración Educativa, que lonxe de por freo a estas actitudes poñen en dúbida a profesionalidade dun profesorado que debería ser defendido en todo caso e alimentan, ao mesmo tempo, o aumento deste tipo de problemática como indicabamos anteriormente. Este aspecto tamén é preocupante sobre todo se



temos en conta que desde o noso servizo e desde ANPE entendemos que o sistema educativo debe contar non só coa colaboración da Administración Educativa e do profesorado senón tamén dos pais e nais como peza fundamental e como primeiros axentes socializadores e educadores dos rapaces e rapazas. É importante que todos os membros que formamos parte da comunidade educativa (docentes, administración, pais e nais, persoal de administración e servizos, etc) traballemos con cohesión, confianza e respecto mutuo para acadar un ensino público de calidade e unhas contornas educativas libres de violencias de calquera índole.

Creemos que unha actitude pouco exemplarizante por parte das familias ten a súa repercusión negativa e incide profundamente nos comportamentos disruptivos por parte do alumnado.

Mención aparte merece tamén o mal uso das novas tecnoloxías (móviles, redes sociais, grupos de whatsapps) tanto por parte do alumnado como por parte do colectivo de pais e nais. Creemos que a cuestión non pasa tanto por prohibir como por educar. Somos conscientes de que existe unha grande falta de educación dixital, quizais froito da brecha dixital que separa ás novas xeracións das xeracións que temos a obriga de formalos e educalos. Esa falta de educación dixital está a provocar que os nosos rapaces e rapazas fagan un mal uso das tecnoloxías e se expoñan en moitas ocasións a perigos dos que nin eles mesmos son conscientes.

ANPE Galicia considera importantísimo, como ven recalcando desde sempre, o apoio e a colaboración entre familia e profesorado galego como ferramenta fundamental para mellorar o clima de convivencia nas nosas aulas.

Secretaría de comunicación de ANPE Galicia

Santiago, 25 de novembro de 2020.